



PROPOSTA DE II CURSO DE MEDIACIÓN EN ASUNTOS CIVIS E MERCANTIS

ORGANIZA

**Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG)
Comisión Intersectorial de Mediación**

I. INTRODUCCIÓN

A figura do/da mediador/a aparece recollida no RD 5/2012, de 5 de marzo, de mediación en asuntos civís e mercantís, como o/a profesional que, con estudos previos sobre a materia de conflito, deberá contar con formación específica para exercer no campo da mediación.

Esta formación adquirirase mediante a realización de cursos específicos impartidos por institucións debidamente acreditadas e proporcionará aos/ás mediadores/as os necesarios coñecementos xurídicos e psicolóxicos, así como da ética da mediación, tanto a nivel teórico como práctico.

O curso que aquí se presenta trata de dar resposta a esta demanda mediante a formación en coñecementos, modelos e técnicas necesarios para mediar en asuntos civís e mercantís.

II. OBXECTIVOS

Os obxectivos deste curso son:

1. Dotar dos coñecementos necesarios para desenvolver procedementos de mediación nos ámbitos civil e mercantil.
2. Coñecer as competencias e as características do rol do mediador.
3. Coñecer as técnicas do procedemento de mediación.
4. Adquirir un manexo aplicado das competencias e técnicas de mediación.

III. DESTINATARIOS

Este curso está especificamente deseñado como unha acción de formación básica para os/as licenciados/as e/ou graduados/as en Psicología que desenvolvan ou desexen desenvolver a súa labor profesional como mediadores/oras, aínda sen ter una formación específica no devandito campo.

IV. METODOLOXÍA

Este curso ofrece un espazo de adestramento técnico en mediación onde, a través de grupos reducidos se traballará activamente o manexo dos conflitos a través da mediación. Segundo os contidos a tratar, as prácticas levaranse a cabo a través de diferentes estratexias como *role-playing*, gravacións, traballo con vídeos, e estudo de casos.

V. DURACIÓN

A duración total do curso será de 100 horas, distribuídas en 60 de carácter teórico e 40 prácticas, sendo a súa modalidade presencial.

VI. HORARIO

Sábados de 9:00h a 14:00h e de 16:00h a 21:00h.

VII. TEMPORALIZACIÓN

Desde setembro ata decembro de 2018. Concretamente: 15, 22 e 29 de setembro; 6, 20, 27 de outubro; e 10, 17, 24 de novembro e 1 de decembro.

VIII. LUGAR REALIZACIÓN

Salón de Actos de Colexio Oficial de Psicología de Galicia.

IX. Nº MÍNIMO/MÁXIMO ASISTENTES

24-30

X. SISTEMA DE AVALIACIÓN

Avaliación continuada. Terase en conta a participación e implicación na clase. Para obter o certificado de aproveitamento será necesario asistir ao 80% das horas lectivas.

XI. PROGRAMA

PARTE 1 (Total de 25 horas)	
TEMA	Duración
1. A mediación dende unha perspectiva internacional. Escolas e modelos de mediación.	5 horas
2. Aspectos lexislativos da mediación.	5 horas
3. Dereito Civil e Mercantil.	10 horas
4. Perspectiva psicosocial do conflito.	5 horas

PARTE 2 (Total de 35 horas)	
TEMA	Duración
5. Boas prácticas e ética en mediación. O rol do mediador. Diferenzas con outros roles do psicólogo	5 horas
6. As competencias do mediador	10 horas
7. As técnicas de mediación	10 horas
8. Estrutura e fases do procedemento de mediación	10 horas

PARTE 3 (Total de 40 horas)	
TEMA	Duración
9. Prácticas en mediación civil e mercantil	40 horas

XI. PREZOS

275 €	Psicólogos/as colexiados/as desempregados/as
550 €	Psicólogos/as colexiados/as
1100 €	Psicólogos/as non colexiados

* Admisión por orde de inscrición. Os/as colexiados/as teñen preferencia sobre os/as non colexiados/as.